



BASES DE ACCESO AO PROGRAMA
“AULAS ABERTAS DE VERÁN 2022”

ARTIGO1._ OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación nas Aulas Abertas de verán do Concello de Lugo, que se desenvolverá durante o periodo vacacional para as persoas menores do municipio.

Estas Aulas teñen a finalidade de facilitar á conciliación familiar durante os meses de verán para favorecer así a integración sociocomunitaria de todas as familias.

As actividades a desenvolver realizaranse co obxectivo de liberar tensións, sair da rutina diaria e obter diversión e entretemento dunha forma pedagóxica e construtiva.

ARTIGO 2._ PERSOAS DESTINATARIAS

As Aulas Abertas están destinadas a nenas e nenos empadroados no Concello de Lugo nados entre os anos 2011 e 2018.

ARTIGO3._ LUGAR E PERIODO DE PRESTACIÓN

Desenvolveranse na zona urbá e na zona rural do municipio de Lugo.

Zona Urbá: Desenvolveranse nos centros de convivencia municipal dispoñibles:

CC. FINGOI
CC. LAMAS DE PRADO
CC. MARÍA BALTEIRA
CC. MARUJA MALLO
CC. MILAGROSA
CC. UXÍO NOVONEYRA

Zona Rural: desenvolveranse a demanda e tratando de adaptarse ás necesidades detectadas.

Os días organizaranse en 4 quendas, divididas da seguinte maneira:

Do 1 ao 15 de xullo
Do 18 ao 29 de xullo
Do 1 ao 12 de agosto
Do 16 ao 31 de agosto

O horario será de 8:30 a 14:30h de luns a venres.





ARTIGO 4._ NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS:

a) As Aulas Abertas ofertan un total de 480 prazas distribuídas por centro e quenda da seguinte maneira:

- CC. FINGOI: 20 prazas/quenda
- CC. LAMAS DE PRADO: 20 p/q
- CC. MARÍA BALTEIRA: 20 p/q
- CC. MARUJA MALLO: 20 p/q
- CC. MILAGROSA: 20 p/q
- CC. UXÍO NOVONEYRA: 20 p/q

b) Reservarase praza para:

b.1._ Familias en situación de vulnerabilidade derivadas dos Servizos Comunitarios Básicos, a través do pertinente informe de derivación e valoración dos técnicos responsables.

Esta porcentaxe non superará o 20% do total das prazas de cada centro.

b.2._ Persoas con diversidade funcional, con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando estes teñan a capacidade de integración nun grupo e as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e participar nas actividades que se van a desenvolver e que non interrompan o normal funcionamento das mesmas.

A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.

O persoal técnico de ASC municipal valorará o nº de prazas en función da capacidade de integración no grupo, así como a idoneidade do grupo no que se inclúa.

ARTIGO 5._ PRAZO DE SOLICITUDE:

5.1._A presentación de solicitudes realizarase durante 5 días hábiles do mes de xuño 2022: do 6 ao 10 de xuño.

5.2._As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai titor legal do menor e presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos nos artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/ 2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo habilitarase un correo electrónico para poder enviar a documentación e facilitar a inscrición ás familias.

O enderezo será aulasabertas@lugo.gal e se sinalará o nome e apelidos da menor/do menor e nome e apelidos e DNI da nai/pai ou titora/or legal, aportando os anexos requeridos.

Tamén poderá ser presencial a través de cita previa coa animadora ou animador sociocultural en horario de 11:00 a 14:00h nos centros de



convivencia Milagrosa (Tfn.: 982 297 410), Uxío Novoneyra (Tfn. 982 297 492) e Maruja Mallo (Tfn. 982 297 505)

5.3._ No suposto de que transcurrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera interesado que cumpra os requisitos establecidos, poderá solicitar a participación nas Aulas Abertas.

ARTIGO6._ REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- a) A persoa menor deberá estar empadroada no Concello de Lugo
- b) Ter idades comprendidas entre os 4 e os 11 anos

ARTIGO7._ SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- a) Solicitud de participación nas Aulas Abertas que figura como ANEXO I destas bases e que se poderá descargar na paxina web www.concellodelugo.gal no apartado de Animación Sociocultural ou ben pedir de maneira presencial nos centros de Convivencia
- b) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo.
- c) No caso de pertencer a grupo en situación de vulnerabilidade, informe de derivación dos SS.SS. Comunitarios

ARTIGO 8._ CRITERIOS DE SELECCIÓN

As prazas adxudicaranse por rigurosa orde de inscrición, con excepción das derivacións.

Unha vez cubertas as prazas en cada quenda o resto de aspirantes pasarán a lista de agarda

ARTIGO 9._ TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterio de selección realizarase polos Técnicos de Animación Sociocultural do Concello de Lugo.

ARTIGO 10._ LISTADO DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

- a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de persoas admitidas.
- b) O listado publicarase no taboleiro de anuncios de cada centro
- c) Os **listados de admitidos provisionais** saíran publicadas o día 17 de xuño.
- d) Unha vez admitido, formalizarase a solicitude mediante o pago da cota os días 20, 21 e 22 de xuño e presentación do xustificante de pago no centro de convivencia, publicarase as **listas de admitidos definitiva** o 27 de xuño.





Concello de Lugo

ARTIGO 11._ PREZO PÚBLICO

O importe da cota virá determinada pola Ordeanza NUM.403

Bonificación: 50% da cota para a/o segunda filla/o dunha mesma unidade .

A/O terceiro filla/o dunha mesma unidade de convivencia quedará exenta do pagamento, previa xustificación e sempre e cando os ingresos da unidade familiar ou de convivencia non superen dúas veces o IPREM do ano 2021, salvo situacións socioeconómicas sobrevidas.

MESES DE REALIZACIÓN	PERIODO	CONTÍA
XULLO	do 1 ao 15	11.33 €
	Do 18 ao 29	9.27 €
AGOSTO	Do 1 ao 12	10.30 €
	Do 16 ao 31	12.36 €



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo



MURALLA
patrimonio da humanidade